

## Mensaxe de Brett Bailey para o Día Mundial do teatro 2014

Onde queira que haxa unha sociedade humana, o irreprimible *Espírito da Representación* maniféstase.

Baixo as árbores de pequenas aldeas e sobre sofisticados escenarios en grandes metrópolis; en salóns de actos de colexios e en campos e templos; en suburbios, en prazas públicas, en centros cívicos e nos subsolos das cidades, a xente reúnese en comunión en torno aos efémeros mundos teatrais que creamos para expresar a nosa complexidade humana, a nosa diversidade, a nosa vulnerabilidade, en carne e óso, alento e voz.

Reunímonos para chorar e para recordar; para rir e contemplar; para aprender, afirmar e imaxinar. Para marabillarnos ante a destreza técnica, e para encarnar deuses. Para deixarnos sen respiración ante a nosa capacidade de beleza, compaixón e monstrosidade. Imos para enchernos de enerxía e poder. Para festexar a riqueza das nosas diferentes culturas, e para facer desaparecer as barreiras que nos separan.

Onde queira que haxa unha sociedade humana, o irreprimible *Espírito da Representación* maniféstase. Nacido da comunidade, leva postas as máscaras e vestimentas das nosas distintas tradicións. Emprega as nosas linguas, ritmos e xestos, e abre un espazo entre nós.

E nós, os artistas que traballamos con este antigo espírito, sentímonos impulsados a canalizalo a través dos nosos corazóns, as nosas ideas e os nosos corpos para revelar as nosas realidades en toda a súa cotianeidade e o seu rutilante misterio.

Pero nesta época na que tantos millóns de persoas loitan por sobrevivir, sofren baixo réximes opresivos e o capitalismo depredador, foxen do conflito e a escaseza; na que a nosa privacidade é invadida por servizos secretos e as nosas palabras censuradas por gobernos intrusivos; na que se aniquilan os bosques, se exterminan especies e se envelenan os océanos: Que nos sentimos impulsados a revelar?

Neste mundo de poder desigual, no que distintas ordes hexemónicas intentan convencernos de que unha nación, unha raza, un xénero, unha preferencia sexual, unha relixión, unha ideoloxía, un marco cultural é superior ao resto, pódese realmente defender a idea de que as artes deberían apartarse das axendas sociais?

Nós, os artistas de escenarios e ágoras, conformámonos coas demandas asépticas do mercado, ou utilizamos o poder que temos: para abrir un espazo nos corazóns e as mentes da sociedade, para reunir xente ao noso redor, para inspirar, marabillar e informar, e para crear un mundo de esperanza e colaboración sincera?

## **Biografía**

Brett Bailey é un dramaturgo Sudafricano, deseñador, director, realizador de instalacións e director artístico do THIRD WORLD BUNFIGHT.

As súas aclamadas obras iconoclastas, que interrogan as dinámicas do mundo post-colonial, inclúen BIG DADA, IPI ZOMBI?, iMUMBO JUMBO, medEia and ORFEUS. As súas instalacións-performance inclúen EXHIBITs A & B.

As súas obras representáronse en Europa, Australia e África e gañaron diversos premios, incluída unha medalla de ouro ao deseño en *La Cuatrienal de Praga (2007)*. Presidiu o xurado da *Cuatrienal de Praga (2011)*, e foi xurado do concurso 'Music Theatre Now' do Instituto Internacional do Teatro en marzo de 2013.

Dirixiu o espectáculo inaugural do Cumio Mundial das Artes e a Cultura en Johannesburgo (2009), e dende 2006 a 2009, os espectáculos de inauguración no *Festival Internacional das Artes de Harare*. Dende 2008 a 2011 foi comisario artístico (curator) do único festival público das artes de Sudáfrica, 'Infecting the City', en Cidade do Cabo.

En 2014 achega a “Mensaxe do Día Mundial do Teatro” do Instituto Internacional do Teatro para a UNESCO.